


Miss Antropía

Fernando Castro Paredes



O autor



Fernando Castro Paredes

Naceu en Tapia de Casariego (Asturias) en 1975. Exerce coma profesor de ensino secundario. Traballa no eido do teatro escolar e afeccionado, sendo un dos coordinadores da agrupación escolar Tuéjele Teatro, do IES Fernando Blanco de Cee, e membro do grupo Farándula Velutina, cos que desenvolve actividades por toda a xeografía galega. Cultiva todos os xéneros literarios, especialmente o teatro. Coma dramaturgo, formouse nos talleres do Centro Latinoamericano de Creación e Investigación Teatral e recibiu recoñecementos coma o Premio Rafael Dieste, o Premio Álvaro Cunqueiro ou o Premio Roberto Vi-

dal Bolaño, entre outros. Algunhas das súas pezas son: *A derradeira bala*, *Papiroflexia*, *Pallaso*, *Sincronizadas* ou *Ofelia ou o cabeiro da cóbrega*. *Miss Antropía* é a súa primeira novela.



Contexto e xénero literario

A novela está ambientada na época actual e explora cuestións relacionadas coa tecnoloxía vixente nos nosos tempos (Internet, as redes sociais, os móbiles, a incomunicación...). A historia que se conta está na liña da narrativa fantástica. Non deixa de ser, no fondo, un relato de fantasmas onde estes, no canto de irromper na realidade física e consciente da protagonista, maniféstanse a través dos seus soños.

Argumento e temas

Noe está anoxada co mundo. Non encaixa. Todo se esborroou tras a morte do pai e séntese atrapada e sen horizontes. Odia a súa nai. Odia canto a rodea. A súa furia interior acaba envorcándose na creación dun perfil falso nas redes sociais: “Miss Antropía”, no que inventa a vida dunha rapaza que está morrendo de cancro.

A nai de Noe decide mudarse. Un cambio radical. Un novo comezo. Calquera cousa que permita fuxir dos erros do pasado e reconstruír unha existencia feita anacos. Pero a vida da rapaza non cambia. A mesma soidade. A mesma rabia.

De pronto, na nova casa, os soños de Noe comezan a poboarse de persoas ás que non coñece, de mortos, de situacións violentas que non acaba de entender. Empezará unha investigación para dilucidar se hai algo de real neses soños ou se dunha vez por todas se volveu tola, como moitos lle din que está.

O que descubrirá será algo terrible, que a cambiará para sempre e que axudará a atopar o seu lugar no mundo.



AS RELACIÓNS FAMILIARES



A IDENTIDADE DIXITAL E AS REDES SOCIAIS



O IMPACTO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS NA SOCIEDADE



A HOMOFOBIA



A VIOLENCIA DE XÉNERO



A MASCULINIDADE TÓXICA

Actividades previas á lectura

- 1º** Reflexiona. Cal é a túa relación coas redes sociais? Cres que os perfís que creaches son un reflexo fiel de quen es de verdade? Os usuarios das redes menten ou disfrazan a realidade?
- 2º** Que cres que é o ciberacoso? Coñeces algún caso concreto?
- 3º** Define o concepto de “homofobia”. Redacta un texto onde analices as causas de que exista na nosa sociedade e sinais estratexias para erradicala.

Actividades posteriores á lectura

O TÍTULO

- Miss Antropía, o título da obra, é un xogo de palabras. De que figura retórica se valeu o autor para crealo? Busca outros exemplos dese recurso.
- Que significa a palabra “misantrópía”? Que raíces de orixe grega a conforman? Fai unha lista de palabras de uso común en que aparezan.
- Por que cres que Noe escolleu o nome de “Miss Antropía” para o seu alter ego virtual?

A TÉCNICA NARRATIVA

- narrador da novela? Argumenta a túa resposta.
- diferentes narradores que aparecen na obra. Podes distinguir trazos característicos de cada un na súa maneira de expresarse?
- Algúns personaxes da novela non teñen voz narrativa. Escolle un deles e relata algún acontecemento da historia desde a súa perspectiva.

O ESPAZO E O TEMPO

- A novela está ambientada nunha pequena vila rural. Como a describirías? Que impacto ten ese espazo sobre a protagonista?
- Á parte dos espazos reais, na obra aparecen tamén outros oníricos. Un, en especial, ten unha importancia moi grande no proceso de maduración da protagonista. Cal? Que trama se desenvolve nese espazo?
- Miss Antropía presenta unha narración fragmentada que non respecta a orde cronolóxica dos acontecementos. Sinala algúns momentos onde se perciba esa especial articulación do tempo interno da obra.

OS PERSONAXES

- Tomando os diferentes datos que se espallan ao longo da novela, elabora unha biografía, o máis completa que poidas, do personaxe de Noe.
- Como é a relación entre Noe e a súa nai? Descríbea tentando

Guía didáctica

poñerte no lugar de cada unha delas para comprender o seu punto de vista.

- Fai unha lista dos personaxes masculinos da novela. Representan formas distintas de entender a masculinidade. Explícaas.

- Imaxina que es un alumno do instituto da novela. Redacta un texto onde expoñas a túa opinión sobre Noe, a túa nova compañeira. Inclúe nel unha descrición física do personaxe, que en ningún momento se ofrece na novela.

REFERENCIAS CULTURAIS

- O grupo de teatro do instituto onde estudia Noe representa Romeo e Xulieta, de William Shakespeare. Investiga sobre a obra deste autor e redacta un breve resumo do argumento desta obra. Cres que esa historia de amores imposibles que nos

conta o dramaturgo inglés pode ter o seu reflexo nalgunha das tramas que se contan na novela?

- Que grupos musicais lle gustan a Noe? Que tipo de música fan? Acáenlle ben ao personaxe eses gustos? Fai a mesma reflexión con respecto á literatura: que libros lee ou cita nos fragmentos nos que leva a voz narrativa?

- O sarxento García chama ás mascotas da familia Moby Dick e Sandokán, respectivamente, dous personaxes da historia da literatura universal. Investiga sobre eles. Por que crees que chama así aos animalíños que merca para a súa filla? Que nos di este feito sobre o personaxe de García?

- O cine é tamén unha fonte de referencias na novela. Sinala todas as que atopas.

Obradoiro de actualidade sociolóxica

OBXECTIVO

- Sensibilizar sobre os perigos que trae consigo o uso inconsciente ou irresponsable das redes sociais.
- Contribuír á afirmación da propia identidade.
- Traballar actitudes e habilidades que fomenten a autoprotección e garantan a liberdade individual.

ACTIVIDADES


- Elaborar unha enquisa entre os compañeiros de clase (ou mesmo do centro no seu conxunto) sobre os hábitos de uso das redes sociais, prestando especial atención aos que poidan comprometer a seguridade dos usuarios en calquera das súas dimensións.
- Facer unha investigación utilizando Internet para obter información sobre situacións de perigo derivadas do uso das redes que as autoridades e os medios de comunicación reportan máis habitualmente.
- Cotexando os datos da enquisa e da investigación, elaborar un decálogo de boas prácticas de uso das redes sociais.
- Facer público ese decálogo de uso responsable na web do centro e en diferentes espazos físicos, en forma de murais, trípticos, paneis informativos

Guía didáctica

INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA E MATERIAL DE CONSULTA PARA O PROFESOR E O ALUMNADO

- *O vixía no centeo*, de J. D. Salinger, a novela preferida de Noe, unha obra sobre un adolescente inadaptoada escrita por un autor coñecido pola súa misantropía.
- *Romeo e Xulieta*, de William Shakespeare, un clásico atemporal que aínda segue interpelando aos lectores e espectadores do século XXI, Editorial Galaxia 2003.
- *La vida es sueño*, de Calderón de la Barca, outro clásico atemporal, que explora as difusas fronteiras entre o soño e a realidade desde a perspectiva da cosmovisión barroca.
- *Billy Elliot*, película do ano 2000 dirixida por Stephen Daldry, en que un adolescente loita polo seu soño de se converter en bailarín a pesar dos prexuízos da xente que o rodea.
- *Saving Mr Banks*, película de 2013 dirixida por John Lee Hancock, en que se contan episodios da vida de Pamela Travers, a creadora de Mary Poppins. A relación desta autora coa figura do seu pai morto presenta puntos en común coa da protagonista de *Miss Antropía*.
- *A Nightmare on Elm Street*, película de 1984 dirixida por West Craven, en que un grupo de adolescentes son acosados por unha figura fantasmal que se aparece nos seus pesadelos.

Guía didáctica



Xuvenil / a partir dos 14 anos

